



R disporá dos servizos 5G máis avanzados grazas ao acordo de MasOrange con Ericsson, que robustece a súa rede e reduce o impacto ambiental

- *R beneficiarase das vantaxes do acordo para desenvolver unha plataforma de novos servizos 5G que asinou o grupo MasOrange, ao que pertence o operador galego, coa multinacional sueca Ericsson.*
- *Realidade aumentada, videochamadas inmersivas, servizos IoT avanzados, 'slicing' ou conectividade esencial para a industria 4.0 serán algunhas das opcións de última xeración ao alcance de particulares e empresas clientes de R e do resto das marcas do grupo.*
- *A nova infraestrutura 'cloud' de MasOrange inclúe aplicacións que reducen o consumo enerxético e o impacto ambiental.*
- *O acordo consolida o grupo MasOrange como o operador líder en innovación de Europa, cunha arquitectura de rede máis robusta, segura e de múltiple redundancia.*
- *O novo Core de Datos 5G SA unificado para todas as súas marcas será unha plataforma de crecemento moi relevante para empresas, administracións públicas e programadores, que poderán acceder a funcións avanzadas da rede 5G de MasOrange para crear as súas propias aplicacións e servizos.*

Martes, 10 de marzo de 2026.- A clientela do operador galego **R**, pertencente a MasOrange, poderá gozar dos servizos 5G máis avanzados grazas ao acordo estratéxico que o grupo asinou coa multinacional sueca Ericsson para desenvolver unha plataforma unificada para todas as súas marcas.

O novo **Core de Datos 5G SA** impulsará solucións de última xeración de realidade aumentada, videochamadas inmersivas, servizos IoT avanzados, 'slicing' (*división en múltiples redes virtuais independentes para optimizar recursos garantindo a calidade do servizo*) ou conectividade esencial para a industria 4.0.

Culmina, así, a **integración tecnolóxica** após a fusión de Orange e MASMOVIL para formar o grupo MasOrange, líder en número de clientes en España, e consolídase unha das plataformas máis avanzadas, eficientes e robustas de Europa para ofrecer a mellor experiencia á súa clientela.

MasOrange consolida o seu **liderado como o operador europeo máis innovador** e emprende o camiño cara a redes cada vez máis autónomas e seguras, apoiadas en automatización, analítica avanzada e funcións nativas na nube.

Por outra banda, o novo Core habilita servizos avanzados diferenciais que abren **novas vías de xeración de ingresos** en sectores como industria, automoción, loxística, administracións públicas e entretemento dixital.

Servizos de última xeración para empresas e particulares de R

O novo **Core de Datos 5G SA** unificado para todas as marcas do grupo MasOrange será unha plataforma de crecemento moi relevante para clientes residenciais e, especialmente, para empresas e administracións públicas. Porque a plataforma unificada permitirá pór en marcha servizos 5G SA con capacidades de rede avanzadas e desenvolver **servizos e novos modelos de negocio** empresariais e industriais que lles axudarán ás empresas a aumentar a súa produtividade e eficiencia.

Grazas a este acordo a clientela de **R** —e do resto de marcas de MasOrange— poderá gozar de:

_Unha rede máis estable e de maior calidade: baixa latencia, maior fiabilidade, grande adaptación do rendemento ás necesidades específicas de cada servizo e máis estabilidade (actuacións máis rápidas ante calquera eventualidade na rede).

_Novos servizos 5G SA avanzados: por exemplo, realidade aumentada, *gaming* en *streaming*, videochamadas inmersivas, servizos IoT masivos ou conectividade esencial para a industria 4.0 que requiran dunha alta capacidade e velocidade de rede.

_Experiencias personalizadas e servizos á medida: grazas ao *slicing* e *multislicing*, as empresas disporán de “slices” (particións) de rede específicas con calidade garantida para uso corporativo ou transmisión de vídeo en tempo real no mesmo dispositivo; e os/as clientes/as residenciais gozarán de aplicacións máis fluídas, rápidas e seguras.

_Un ecosistema de innovación aberto: empresas e programadores poderán acceder a funcións avanzadas da rede 5G, aproveitando as súas características para crear as súas propias aplicacións e servizos.

_Casos de uso IA baseados en intelixencia de rede. A alianza inclúe catro solucións líderes de Ericsson que axudarán a MasOrange a modernizar a súa rede e mellorar a experiencia de cliente en diferentes eidos:

- _tráfico de datos móbiles** máis eficiente
- _servizos personalizados en tempo real para mellorar a xestión de dispositivos conectados** (IoT) e reforzar a privacidade
- _unificación de procesos de cobramento** nunha soa ferramenta, para reducir o Tempo de lanzamento de novas ofertas baseadas en 5G, cunha experiencia de usuario/a máis sinxela
- _análise e automatización do funcionamento da rede**, para mellorar a experiencia do cliente final.

Ademais, Ericsson dará **soporte** cun equipo de expertos/as que coñecen a rede de MasOrange, para garantir unha resolución áxil e precisa de calquera incidencia do Core 5G SA, cuxas aplicacións **reducen, na súa maioría, o consumo enerxético e o impacto ambiental**, o que reforzará o compromiso de MasOrange coa eficiencia, a sostibilidade e a innovación.



“R beneficiarase de todas as vantaxes dunha das redes máis avanzadas de Europa grazas a este acordo que o noso grupo, MasOrange, asinou con Ericsson. Coa unificación dos Core 5G para todas as súas marcas, MasOrange volve liderar a innovación en España. Sen dúbida un paso decisivo na nosa visión de ofrecer servizos 5G de nova xeración e mellorar a experiencia dos nosos clientes”, dixo Alfredo Ramos, director de R e de MasOrange en Galicia.

Sobre MasOrange

MasOrange é o maior operador de telecomunicacións en España por número de clientes, cuns 41M de liñas entre banda larga e móbil. Adicionalmente, ofrece para clientes/as particulares e empresas servizos de TV, seguros, enerxía, alarmas, financiamento ao consumo, saúde, ciberseguridade, redes privadas 5G e cloud.

A compañía conta con 8 marcas principais nacionais (Orange, Yoigo, Jazztel, MASMOVIL, simyo, Pepephone, Lebara e Lyca) e 5 rexionais (Euskaltel, R, Telecabla, Guuk e Embou), coas que vai cubrir todas as necesidades dos clientes en España.

MasOrange dispón de máis de 31 millóns de fogares comercializables coa súa oferta de fibra óptica e cobre coa súa rede móbil 4G o 99 % da poboación española e máis do 90 % coa nova tecnoloxía 5G, coa que conecta máis de 4.000 municipios por toda a xeografía española.

Por outra banda, MasOrange ten a ambición de ser o operador coa clientela máis satisfeita, consolidarse como motor do talento e liderar a economía do propósito en España, sendo respectuoso coas persoas e o planeta. Ademais, traballa na accesibilidade á tecnoloxía para todos/as (atendendo a España baleirada), a protección dos/as menores no eido dixital e o desenvolvemento de produtos e servizos que melloren a experiencia de toda a súa clientela.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal